

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



CEIP FELIPE DE CASTRO NOIA

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL	3
2.- ANÁLISE SITUACIONAL. ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR. ONDE ESTAMOS?	4
2.1.- DATOS XERAIS DO CENTRO	4
2.1.1.- ENTORNO	4
2.2.-ESTRUTURA-ELEMENTOS MATERIAIS	6
2.3.- EQUIPAMENTO.....	6
2.4.- HORARIO E OFERTA EDUCATIVA.....	6
2.5.- UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO	8
2.5.1.- USO DA BIBLIOTECA	8
2.5.2 AULA DE INFORMÁTICA	9
2.5.3 AULAS EDUCATIVAS.....	9
2.5.4 AULA DE PSICOMOTRICIDADE.....	9
2.5.5 XIMNASIO	9
2.6. PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE.....	9
2.7. ALUMNADO	10
3.- TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA. QUEN SOMOS?.....	11
3.1.- SINAIS DE IDENTIDADE.....	11
3.2.- LINGUAS DO CENTRO.....	12
3.3.- LIÑA METODOLÓXICA	13
4.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO, QUE PRETENDEMOS?	14
4.1.- ÁMBITO PEDAGÓXICO	14
4.2.- ÁMBITO CURRICULAR.....	15
4.2.1.- METODOLOXÍA	16
4.2.2.- AVALIACIÓN.....	17
4.3.- ÁMBITO INSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO	17
4.4.- ÁMBITO HUMANO	18
5.- OBXECTIVOS PRIORITARIOS DO CENTRO	18
6.- ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO. COMO NOS ORGANIZAMOS?.....	21
6.1.- ÁMBITO DE XESTIÓN.....	21
6.2.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS:	22
6.3.- ÁMBITO ACADÉMICO:.....	23
6.4.- AMBITO ADMINISTRATIVO E DE SERVIZOS	24
7.- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E CO ENTORNO.....	25
8.- ANEXOS:	25

1.- INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL

FUNDAMENTOS LEGAIS

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 1948.
- Declaración dos Dereitos do neno. 1959.
- Pacto Internacional dos Dereitos Cívís e Políticos. 1966. Ratificado polo Rei en 1976.
- Constitución Española 1978, Artigo 27.
- Lei 1/1981, Estatuto de Autonomía 1981, Artigos 27 e 31 (BOE 28/04/1981).
- Lei 8/2013 de 09 de decembro para a mellora da calidade educativa, (BOE 10/12/2013).
- Lei 3/2011, de 30 de Xuño, de Apoio a Familia e a Convivencia de Galicia (DOG 13/07/2011).
- Lei 4/2011, 30 de Xuño, de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa (DOG 15/07/2011).
- Real Decreto 1630/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas do 2º Ciclo da Educación Infantil (BOE 04/01/2007).
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Ecuación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (Doga 23/06/2009).
- Decreto 374/1996 Artigos 86, 87, 88. Regulamento orgánico Eei, Ceip, Cep, Cee. (DOG 21/10/1996).
- Decreto 105/2014. Currículo da Educación Primaria (DOG 04/09/2014).
- Decreto 79/2010 do 20 de Maio para o plurilingüismo (DOG 25/05/2010).
- Decreto 171/2010, do 01 de Outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia (21/10/2010).
- Decreto 229/2011, do 07 de Decembro de 2011, polo que se regula a atención á Diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 02/2006, do 03 de Maio (DOG 21/12/2011).
- Decreto 254/2012, do 13 decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 26/12/2012).
- Orde do 23 de Novembro de 2007. Avaliación na EP (DOG 30/11/2007).
- Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados (DOG 06/06/2008).
- Orde do 23 de Xuño de 2011 polo que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente. (DOG 30/06/2011).
- Orde do 12 de Marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 15/03/2013).

No **Decreto 374/1996 do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, establécese que estes centros deben elaborar un Proxecto educativo de centro seguindo estas disposicións:

- O **Equipo directivo** elaborará o **PEC** partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro.

- Os apartados que se incluírán no **PEC** serán os seguintes:

- ✓ Obxectivos do centro.
- ✓ Fins e intencións educativas.
- ✓ Oferta educativa.
- ✓ Organización xeral.
- ✓ Regulamento de Réxime Interior.
- ✓ Relacións coas familias e institucións.

- O Consello Escolar aprobará e avaliará o **PEC**.

- A Inspección Educativa supervisará o **PEC**, comprobando a súa adecuación ao establecido na lexislación vixente.

*O **Pec** pretende ser un instrumento con proxección de futuro, pensado e elaborado pola Comunidade Escolar do Ceip Felipe de Castro, a partires da propia realidade, que actúa de modo coherente sobre a práctica docente coa intención de melloralala, e dota ao centro da eficacia necesaria para alcanzar os obxectivos pretendidos e que inclúe todos os aspectos esenciais deste. Coa elaboración dese documento tentamos ter unha explicación clara, concisa e breve das intencións educativas, estruturas, regulamentos e deseño curricular da nosa Comunidade Escolar, ademais de ser un documento orientador e guía de todas as actividades escolares, dinámico e en constante cambio.*

2.- ANÁLISE SITUACIONAL. ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR. ONDE ESTAMOS?

2.1.- DATOS XERAIS DO CENTRO

2.1.1.- ENTORNO

Noia atópase no máis interior da Ría de Muros e Noia, na desembocadura do Tambre e ao lado das serras da Barbanza e de Outes. O seu centro urbano acubilla a desembocadura doutro río, o Traba. Do centro de Noia hai apenas trinta e poucos quilómetros a Ribeira, a Muros e a Santiago de Compostela. Conta cunha extensión de 38,5 quilómetros cadrados, o que o convirte nun dos municipios con menos superficie de toda Galicia. Ao Norte limita con Brión; ao Noroeste con Outes; ao Sur, con Porto do Son; ao Leste con Lousame e ao Oeste co Atlántico.

Está conformada por seis parroquias: Santa María de Argalo, Santa Cristina de Barro, San Martín de Noia, Santa Mariña do Obre, Santa María de Roo e San Pedro de Boa. Podemos dicir que o mar acariña as ribeiras da localidade urbana, mentres que os altos cumes protexen a poboación dos temporais

atlánticos. Otero Pedrayo definiuna como “unha pequena Compostela” e Cunqueiro fala dela como “unha Pisa atlántica, branca, rosa, ouro.”

Certamente hai poucas vilas costeiras que dean unha impresión tan inmediata dun pasado de esplendor, a vila histórica de Noia, lembra nostálxica uns tempos idos de vila mariñeira, de cando ata ela chegaban balbordos de ribeira, axitadas trasfegas de vida, de febril actividade mercantil e pesqueira, de mariñeiros, mareantes e mercadores, e velas a entrar e saír nos seus peiraos.

Agora só quedan espazos intermareais cubertos polas augas mariñas a determinadas horas -as ribeiras de mar enxoito da poeta María Mariño- que teñen unha relación peculiar co mar e, desde a antigüidade, este impón ritmos de traballo en función das mareas: saír os barcos, atracar, mariscar a pé,....

Máis alá do antigo núcleo cercado, a fermosa alameda decimonónica é hoxe o espazo público por excelencia da vila. Lugar de paseo e lecer, conta con soleadas terrazas sempre animadas coa constante presenza de noieses e visitantes. Neste lugar atópase tamén a actual Casa Municipal, un senlleiro edificio, cuxo interior acubilla importantes elementos da historia da vila.

A vila de Noia conta con todo tipo de servizos para os cidadáns: Casa da cultura, Biblioteca Municipal, Teatro Coliseo Noela, Piscina Municipal, Pavillón Polideportivo, Campo de Fútbol, Pista de atletismo onde se realiza un gran labor cultural e deportivo con actividades para todos/as.

En canto a servizos sanitarios Noia está dotado dun centro de saúde, cruz vermella e servizos de ambulancia, ademais disto conta cunha unidade de atención a drogodependentes e colabora no plan comarcal de prevención de drogodependentes e tamén foi elixido Concello Saudable pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

No eido educativo o Concello conta con dous colexios públicos e dous concertados ademais de dous Institutos de Educación Secundaria.

O Ceip Felipe de Castro é un centro educativo de titularidade pública que está situado no lugar de Bergondo, unha zona residencial, pertencente ao Concello de Noia. Recibe alumnos/as do núcleo urbano e tamén de moitas aldeas e parroquias de carácter rural de dito Concello. O Ceip Felipe de Castro atende a un sector da poboación moi amplo (Boa, Obre, Argalo, Argote, San Lázaro, Noia centro, Labarta, San Bernardo, A Rasa, Vilaverde...). Noia é o referente principal de toda a zona, no que se refire a servizos administrativos e no ámbito económico, aínda que agora coa mellora das comunicacións, Santiago tamén xoga un papel moi importante, tanto no eido administrativo coma no económico. Nos últimos anos tense producido un aumento da poboación, debido en gran medida á chegada de familias doutros países, fundamentalmente de Sudamérica. A maioría das familias, dedícanse ao sector servizos e ao marisqueo, importante motor socioeconómico da zona. En canto á lingua utilizada polas familias e os nenos/as, despois dos estudos realizados, concluímos que a máis empregada é o castelán en todos os ámbitos, polo tanto queda un longo proceso normalizador por diante, para que os nosos alumnos/as empreguen o galego habitualmente.

Datos xerais

Nome	Ceip Felipe de Castro
Localidade	Noia
Código postal	15200
Código do centro	15010848
Cif	Q-6555637-E
Teléfono fixo	981820970
Fax	981842080
Teléfono móbil	649892682
E-mail	ceip.felipe.castro@edu.xunta.es
Páxina web	www.edu.xunta.es/centros/ceipfelipecastro/

2.2.-ESTRUTURA-ELEMENTOS MATERIAIS

O Ceip Felipe de Castro, foi construído a comezos dos anos 70 (1973) para albergar 17 unidades, pero sempre estivo funcionando con moitas máis, pasando por el varios milleiros de alumnos/as, o que aumenta o seu grao de desgaste e antigüidade. Na actualidade conta con 6 aulas de Educación Infantil, de reducidas dimensións para albergar a 25 nenos/as e 12 aulas de Educación Primaria. Dispón tamén dunha biblioteca, totalmente reformada, aula de Psicomotricidade para Educación Infantil, despachos para administración e Orientación, aula de Informática, Sala de usos múltiples, Ximnasio, aula de Música, 2 aulas para o Proxecto Abalar, titorías...

2.3.- EQUIPAMENTO

A dotación do centro está incompleta en varios apartados tanto no referente a mobiliario como a medios tecnolóxicos e a materiais audiovisuais. Todos os anos solicitamos, polas canles oficiais, os materiais que o profesorado estima como máis necesarios.

2.4.- HORARIO E OFERTA EDUCATIVA

O horario do centro é **Xornada Única de Mañá, de 9:00h a 14:00h**. Todos os luns pola tarde, de 16:00h a 19:00h realízanse tarefas de acción titorial e celébranse reunións de traballo dos diferentes equipos de profesorado.

En canto á oferta educativa, contamos cunha liña dobre tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria.

Organización das aulas

Unidades de Educación Infantil	6+2 de apoio
Unidades de Educación Primaria	12
Unidades de Educación Física	2
Unidades de Lingua Estranxeira (Inglés)	2
Unidades de PT	1+1 provisional
Unidades de AL	1+1 provisional
Unidades de Relixión	1
Departamento de Orientación	1
Unidades de Educación Musical	1
Aula Especifica de Educación Especial (habilitada temporalmente e non creada oficialmente)	1 PT (provisional en comisión de servizos)

Para realizar os agrupamentos dos alumnos/as seguiremos fundamentalmente o criterio de orde alfabética dos apelidos e nome dos mesmos/as. Ademais acordamos ter en conta estes outros criterios de agrupamento:

- **Distribución equilibrada de nenos/as.**
- **Procurar a homoxeneidade do grupo, tendo en conta a data de nacemento no inicio da Educación Infantil.**
- **Reparto proporcional do alumnado que repite curso.**

Outros motivos suxeridos pola Dirección e o Departamento de Orientación. Este cambio afectará ao alumnado de novo ingreso no centro, mantendo o resto de grupos existentes pero procurando ir modificando todos os grupos pouco a pouco. Os reforzos faranse na aula sempre e cando non entorpezan o desenvolvemento das sesións seguindo o criterio establecido polo titor/a, os mestres/as de PT e/ou os outros/as mestres/as que van intervir con ese alumno/a ou grupo de alumnos/as, tendo en conta as directrices establecidas polo Departamento de Orientación.

Asemade contamos cunha Aula Específica de educación especial habilitada temporalmente con capacidade para 5 alumnos/as para facer reforzos a aqueles alumnos/as con **neae** segundo se recolla no ditame de escolarización emitido polo Equipo de Orientación.

As actividades complementarias ofertadas polo centro para complementar o currículo figuran anualmente na PXA. Sendo fundamentalmente as seguintes:

Saídas o entorno Visitas a museos. Teatro. Encontro con autores. Contacontos.	Obradoiros. Visitas ao Auditorio. Xogos Tradicionais. Talleres de Educación Emocional.
---	---

Outras actividades que oferta o centro están realizadas en colaboración coa Anpa e co Concello:

Inglés (Anpa) Teatro (Anpa) Piscina (Anpa) Fútbol-Sala (Anpa) Taekwondo (Anpa) Francés (Anpa)	Fútbol-Sala (Concello) Voleibol (Concello) Baloncesto (Concello) Atletismo (Concello) Xogando co Movemento (Concello) Biblioteca aberta (Centro) Danza (Concello) Xadrez (Concello) Informática (Concello)
--	--

Estas actividades poderán ser modificadas anualmente segundo a demanda ou as posibilidades de organización.

2.5.- UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

2.5.1.- USO DA BIBLIOTECA

A biblioteca é o lugar de arquivo de todo o material bibliográfico e audiovisual do colexio e ademais funciona como aula de usos múltiples.

Os usuarios/as da biblioteca respectarán en todo momento as normas de funcionamento establecidas polo Equipo de Biblioteca:

- **Non se permite retirar ningún material sen o perceptivo rexistro informático.**
- **Cada mestre/a é responsable do seu grupo de alumnos/as e velará para que o material se deixe no lugar correspondente.**
- **Os libros que se retiren para a biblioteca de aula deben quedar rexistrados informaticamente.**
- **Todo o material da biblioteca quedará rexistrado en soporte informático.**
- **Non se permite comer na biblioteca.**
- **A biblioteca non é un lugar de castigo.**

A biblioteca funcionará de acordo co plan da mesma, ao comezo de curso establecerase un horario que facilitará o acceso do alumnado á biblioteca, sexa en horario lectivo ou non. Cada grupo poderá dispoñer de dúas sesións semanais en horario lectivo para facer uso deste espazo educativo. A biblioteca permanecerá aberta, en horario non lectivo, de martes a venres de 16:00h a 18:00h. Calquera membro da

Comunidade Educativa pode facer uso da mesma, previa comunicación e autorización da Dirección do centro, respectando en todo o momento as normas e facéndose cargo dos desperfectos que se ocasionen.

2.5.2 AULA DE INFORMÁTICA

Ao comenzo de curso asignarase un mestre/a responsable da aula de informática que será o coordinador/a das Tic. Constituirase un equipo de traballo que será o encargado de elaborar o proxecto Tic para cada curso, nel aparecerá reflectido o uso e as boas prácticas na utilización da aula de Informática. Cada grupo de alumnos/as, como mínimo, terá asignada una hora semanal para acceder á aula de informática. Existirán ademais horas libres para utilizar segundo sexa necesario por calquera grupo. O mestre/a titor/a será responsable da utilización dos medios informáticos de acordo coas normas propostas. A aula de informática será de uso exclusivo do centro e para actividades extraescolares. En casos puntuais, a Dirección do centro en coordinación co equipo Tic, será quen autorice a súa utilización por parte doutros membros/as da Comunidade Educativa.

2.5.3 AULAS EDUCATIVAS

Poderán ser utilizadas para a realización de actividades extraescolares previo aviso e autorización da Dirección. O material do alumno/a e profesorado de ditas aulas non poderá ser utilizado polos alumnos/as de actividades extraescolares. As persoas que utilicen as aulas serán responsables do bo uso das mesmas, da vixilancia do alumnado e dos seus desperfectos se os houberse.

2.5.4 AULA DE PSICOMOTRICIDADE

Poderá ser utilizada para a realización de actividades extraescolares previo aviso e autorización da Dirección. O material dispoñible desta aula poderá ser utilizado, pero as persoas que o utilicen serán responsables do bo uso da mesma, da vixilancia do alumnado e dos seus desperfectos se os houberse. Esta aula será utilizada, preferentemente polos nenos/as de Educación Infantil para as sesións de E.F.

2.5.5 XIMNASIO

O Ximnasio só poderá ser utilizado por persoal do centro. Tamén poderá ser utilizado para a realización de actividades extraescolares, previo aviso e autorización da Dirección. O material utilizado nestas actividades será devolto ao seu sitio. As persoas que o utilicen serán responsables do bo uso do mesmo, da vixilancia do alumnado e dos seus desperfectos se os houberse. A comenzos de curso elaborase un horario para a utilización de dita instalación.

2.6. PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE

Persoal Docente

O catálogo de postos de traballo está completo e todos os postos de traballo necesarios están cubertos, aínda que non todos de maneira definitiva.

Con todo apréciase unha falta de recursos humanos para atender a todos os nenos e nenas con **neae**, tendo en conta ademais que contamos cunha Aula Específica de educación especial onde están escolarizados a tempo parcial segundo os ditames de escolarización.

Unidades de Educación Infantil	8
Unidades de Educación Primaria	11
Unidades de Educación Física	2
Unidades de F.I.	2
Unidades de Pt	1 + 1 provisional
Unidades de Al	1 + 1 provisional
Unidades de Relixión	1
Unidades de Educación Musical	1
Unidades de F.F	1
Departamento de Orientación	1
Aula Especifica de Educación Especial (habilitada temporalmente e non creada oficialmente)	1 PT (provisional en comisión de servicios)

A maioría do profesorado destinado no centro na actualidade está en situación de destino definitivo, ofrecendo unha perspectiva de estabilidade e continuidade.

Persoal non docente:

1 Conserxe

3 Coidadoras para nenos /as con NEAE.

1 Administrativo.

2.7. ALUMNADO

O número total de alumnado matriculado no centro nos últimos 6 anos está arredor dos 400 alumnos/as. Actualmente están matriculados 391 alumnos/as, dos que 273 alumnos/as corresponden a Educación Primaria e 118 a Educación Infantil. É importante sinalar que na actualidade hai cursos que están no límite da ratio establecida (25 nenos/as por aula).

Alumnado matriculado por niveis e grupos

GRUPO	EDUCACIÓN INFANTIL (118)			EDUCACIÓN PRIMARIA (273)					
	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS	1º	2º	3º	4º	5º	6º
A	19	24	17	25	26	20	22	22	20
B	20	21	17	25	26	19	23	24	21
TOTAIS	39	45	34	50	52	39	45	46	41

Para realizar os agrupamentos dos alumnos/as, a partires do presente curso, decidimos seguir fundamentalmente o criterio de orde alfabética dos apelidos e nome dos mesmos/as. Este cambio afectará ao alumnado de novo ingreso no centro, mantendo o resto dos grupos existentes, pero procurando ir modificando pouco a pouco todos os grupos.

Ademais acordamos ter en conta tamén estes outros criterios de agrupamento:

- ***Distribución equilibrada de nenos e nenas.***
- ***Procurando a homoxeneidade do grupo, tendo en conta a data de nacemento no inicio da Educación Infantil.***
- ***Reparto proporcional de alumnado que repite curso.***
- ***Outros motivos suxeridos pola Dirección e o Departamento de Orientación.***

Os reforzos a grupos reducidos faranse na aula sempre e cando non entorpezan o normal desenvolvemento das sesións e seguindo o criterio establecido polo titor/a, o mestre/a de Pedagogía Terapéutica e/ou os outros/as profesores/as que van intervir con ese grupo de alumnos e alumnas, tendo en conta as directrices establecidas ao efecto no Departamento de Orientación.

Asemade contamos cunha Aula Específica de educación especial habilitada temporalmente con capacidade para 5 alumnos para facer reforzos a aqueles alumnos/as con **neae** segundo se recolla no ditame de escolarización emitido polo Equipo de Orientación.

3.- TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA. QUEN SOMOS?

3.1.- SINAIS DE IDENTIDADE

Partindo de que a educación é un dereito fundamental, dende o CEIP Felipe de Castro de Noia traballamos cuns compromisos que concretamos dentro do seguinte marco educativo:

QUEREMOS UNHA ESCOLA:

PLURAL

Renunciamos dende a escola a todo tipo de sectarismo declarándonos esencialmente respectuosos co dereito á liberdade de pensamento, ideas e opinións que sexan compatibles coa Declaración dos Dereitos Humanos. Facilitarémolle ao alumnado información obxectiva, coa finalidade de que progresivamente poida formar os seus propios criterios e tomar decisións responsables.

INTEGRADORA

Unha escola para a igualdade e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas ou morais, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.

ACONFESIONAL (Sentenza 13/2/1981-BOE do 24/02/1981).

O centro como Comunidade Educativa non ten carácter confesional e debe garantir polo tanto unha educación baseada no respecto e tolerancia das crenzas individuais dos seus membros/as.

COMPROMETIDA COA CONVIVENCIA

Escola comprometida coa formación para a paz, que rexeita a violencia, esixente no respecto á dignidade e integridade dos membros/as da Comunidade Escolar. O noso alumnado formarase para a resolución pacífica de conflitos, para a xustiza e para a liberdade.

DEMOCRÁTICA

Considerando o colexio como espazo para a convivencia, desenvolveranse en xeral os valores democráticos: tolerancia, participación, responsabilidade, diálogo permanente...de xeito que o noso alumnado experimente un modelo democrático de convivencia.

NON SEXISTA

O centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola **coeducación, ou educación na igualdade de sexos.**

PROGRESISTA

A escola mirará cara ao futuro, transmitindo os valores que incidan no desenvolvemento integral da persoa. Atenderemos tanto á formación académica coma á formación persoal e ao desenvolvemento da capacidade crítica.

RELACIONADA COA CONTORNA

Consideramos fundamental que a escola estea integrada na contorna, valorando positivamente as oportunidades e as colaboracións que nos ofrece, establecendo unha relación de cooperación e respecto mutuo.

3.2.- LINGUAS DO CENTRO

Lingua de aprendizaxe na Educación Infantil (Decreto 79/2010 do 20 de Maio para o plurilingüismo DOG 25/05/2010).

O profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, así mesmo, dito profesorado terá en conta a lingua da contorna. O profesorado de Educación Infantil coidará que o alumnado adquiera o coñecemento da outra lingua oficial. Nesta etapa a utilización do galego como lingua de comunicación e aprendizaxe será, como mínimo, igual á da lingua castelá. O profesorado fomentará a adquisición progresiva da lectura e escritura en galego no senso de que se convirta no idioma base da aprendizaxe. O alumnado obterá a competencia necesaria que lle permita comunicarse normalmente en galego cos seus compañeiros/as e cos mestres/as.

Na Educación Infantil farase unha aproximación a unha lingua estranxeira en situacións habituais de comunicación.

Respectando a lexislación e normativa vixente recoñécese o dereito de cada membro/a da Comunidade Escolar a utilizar calquera das linguas oficiais. Debido á súa relación e integración na contorna o centro avogará pola normalización lingüística nas relacións entre os diferentes membros da Comunidade Educativa e no eido administrativo.

Ao remate da escolarización, o alumnado terá adquirida unha competencia axeitada nas dúas linguas.

Considerando ademais a nosa lingua como sinal de identidade da nosa terra, potenciará a formación do alumnado en todos os eidos da cultura galega: lingua, literatura, historia, arte, xeografía, costumes, tradicións, festas populares e outros aspectos sociolóxicos relevantes.

Traballaremos na procura de integrar a toda a Comunidade Educativa na contorna e na realidade galega.

A lingua inglesa será impartida segundo a lexislación vixente na Ed. Infantil e na Ed. Primaria.

Lingua de aprendizaxe na Educación Primaria (Decreto 79/2010 do 20 de Maio para o plurilingüismo DOG 25/05/2010).

Na Ed. Primaria asignaráselle globalmente o mesmo número de horas semanais ao ensino da lingua galega e da lingua castelá.

Na Educación Primaria **as asignaturas en galego son:** Lingua galega, Coñecemento do medio, Música e Educación Física.

En castelán: Matemáticas, Lengua Castellana, Atención Educativa, Plástica, Relixión e Educación para a cidadanía.

Este centro garantirá a adquisición da competencia lingüística propia da etapa nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

3.3.- LIÑA METODOLÓXICA

Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no diálogo e a reflexión.

Partiremos dunha avaliación inicial dos contidos que nos permitan axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ao diferente nivel dos distintos escolares.

Adaptaremos o ensino aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe, flexibilizando na medida do posible os tempos escolares, coa finalidade de atender á diversidade do alumnado e facilitar a participación dos nenos e nenas en actividades complementarias. Flexibilizaremos tamén a temporalización das unidades didácticas para adaptar a adquisición dos contidos aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

Consideramos ao alumnado centro da tarefa educativa, suxeito e protagonista da súa propia formación e membro/a activo da Comunidade Educativa.

A ensinanza será activa, potenciadora do aprender a pensar e da creatividade do alumnado.

Procuraremos un ensino globalizado, tratando os contidos das distintas áreas do coñecemento de forma interrelacionada a fin de impulsar a comprensión, a motivación e a funcionalidade das aprendizaxes.

Apostaremos decididamente pola **coeducación**, propoñendo unha metodoloxía que trate de superar os roles tradicionais do home e da muller.

A educación en valores debe ser unha acción conxunta de todo o centro, estar insertada na práctica educativa diaria.

Concibiremos a biblioteca escolar como gran centro de recursos, un espazo dinámico que favoreza a construción do coñecemento e estímulo enriquecedor da actividade na aula. Será a ferramenta que sirva de motor para a participación de todo o profesorado en diferentes programas e proxectos comúns. Daremos pulo a súa función como axente de compensación social, e por este motivo terá un horario de apertura tamén fóra do horario lectivo.

O noso centro aposta firmemente pola actualización dos seus recursos, en especial, os recursos TIC (tecnoloxías da información e da comunicación) como ferramentas integradoras do coñecemento e formadoras da competencia dixital que demandan os novos tempos. A formación e actualización do profesorado é clave neste aspecto, polo que será preciso promovela e fomentala.

Como escola entendemos que o respecto, a organización, a orde, a atención, a escoita activa e o esforzo son indispensables para o pleno desenvolvemento da vida escolar.

Este colexio aposta polo traballo en equipo e a coordinación interna dos seus membros/as, así como co centro ao que estamos adscritos (IES Virxe do Mar de Noia) co fin de coordinar as aprendizaxes e contidos cos de outros niveis educativos.

Apostamos por unha escola aberta, rica en aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as saídas á contorna e as saídas culturais que presidirán unha boa parte da formación do noso alumnado. Unha escola integrada no medio que dea e reciba, capaz de relacionarse positivamente con toda a comunidade (pais, organizacións culturais, Concello...), tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios.

Apostaremos por un modelo de xestión baseado na participación de todos os sectores que conforman a Comunidade Educativa.

Buscamos o predominio do concepto “nós”. A existencia de lóxicas discrepancias entre os membros/as da Comunidade Educativa do Ceip Felipe de Castro, considéranse como contribución ao enriquecemento e mellora do centro.

A xestión deste centro está orientada a buscar a satisfacción dos usuarios/as do mesmo: pais/nais, alumnos/as, mestres/as...

Ademais buscamos poñer en práctica:

****Un ensino en galego dentro do marco da normativa actual.**

****A igualdade de sexos en todos os ámbitos.**

****A inclusión, a interculturalidade e a convivencia.**

Todos os membros/as da Comunidade Educativa do Ceip Felipe de Castro traballamos coa intención de darlle á institución unha imaxe de calidade e de promoción cara o exterior.

4.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO, QUE PRETENDEMOS?

4.1.- ÁMBITO PEDAGÓXICO

1. Potenciar a participación de todos os membros/as da comunidade educativa no funcionamento do centro: elaborar programacións de ciclo, PAT (renovándoas periodicamente e adaptándoas sempre á lexislación vixente), participar en proxectos de innovación educativa, elaborar proxectos (Tics, Plan lector, Convivencia, Normalización, Extraescolares...)
2. Mellorar o rendemento académico do alumnado fomentando a capacidade de traballo e o interese pola aprendizaxe.
3. Seleccionar e afondar nos contidos curriculares que sexan máis funcionais e de interese para o noso alumnado.
4. Interrelacionar os diferentes contidos curriculares para que o noso alumnado adquira un grao de desenvolvemento axeitado nas diferentes competencias.
5. Promover hábitos de lectura no alumnado.

6. Empregar diferentes técnicas de estudo para mellorar o nivel de rendemento escolar.
7. Impulsar a acción tutorial individualizada e de grupo como algo esencial no proceso educativo.
8. Atender á diversidade do alumnado establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
9. Revisar e realizar as adaptacións curriculares para aquel alumnado que precise delas.
10. Potenciar as T.I.C.S como recurso didáctico para integralas como ferramenta indispensable na demanda da sociedade actual.
11. Diseñar programas que propicien a innovación educativa.

4.2.- ÁMBITO CURRICULAR

Educación Infantil (R.D. 1630/2006. BOE 04/01/2007).

1. Tentar desenvolver nos neno/as o coñecemento do corpo e da propia imaxe, do xogo e do movemento.
2. Adquirir hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
3. Adquirir hábitos relacionados coa hixiene corporal, alimentación e descanso.
4. Potenciar que os nenos e nenas de Ed. Infantil interaccionen cos elementos presentes no medio, que teñan a capacidade de analizar as súas relacións e se aproximen ás series numéricas.
5. Observar os seres vivos e a materia inerte.
6. Incorporar de forma progresiva as pautas adecuadas de comportamento.
7. Resolver conflitos mediante o diálogo de forma autónoma, atendendo especialmente á relación entre nenos e nenas.
8. Buscar que os nenos e nenas de E.I. posúan a capacidade de escoitar, falar e conversar.
9. Aproximación á lingua escrita, á literatura, á linguaxe audiovisual e ás tecnoloxías da información e da comunicación e tamén á linguaxe artística.
10. De xeito especial, centrarémonos en que os nenos e nenas de E.I. participen en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación.

Educación Primaria (Decreto 105/2014. DOGA 09/09/2014).

- Competencia en Comunicación Lingüística.

*Procurar que o alumnado de Ed. Primaria utilice axeitadamente a lingua galega, a lingua castelá e desenvolva hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.

*Tentar que adquiran unha competencia básica nunha lingua estranxeira (Inglés) que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- Competencia Matemática.

*Potenciar a resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos a situacións cotiás.

- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

*Buscar o coñecemento e a valoración do contorno natural social e cultural, as interaccións entre eles, así como as súas posibilidades de defensa, mellora e conservación.

*Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e que interioricen maneiras de comportamento que favorezan o seu coidado.

- Competencia dixital e tratamento da información.

*Buscar propostas para que os rapaces e rapazas se inicien na utilización, para as súas aprendizaxes, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

*Tentar que os alumnos/as utilicen estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, transformar e comunicar información.

- Competencia para aprender a aprender.

*Desenvolver nos nenos/as hábitos de traballo individual e en equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade nas aprendizaxes.

*Adquirir estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

- Competencia cultural e artística.

*Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolver a sensibilidade, a capacidade de disfrute das súas diferentes manifestacións e iniciarse na construción de propostas persoais.

- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

*Aprender a valorar a hixiene e a saúde.

*Aceptar o propio corpo e o do resto das persoas.

*Respectar as diferenzas.

*Utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- Competencia social e cidadá.

*Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia e aprender a actuar de acordo con elas.

*Prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respecto aos dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

*Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, **a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres** e a non discriminación de persoas por ningunha causa.

*Coñecer, valorar e disfrutar da súa contorna natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación dese entorno.

*Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

*Fomentar a práctica e o respeto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.

4.2.1.- METODOLOXÍA

Buscar os **contidos que sexan máis relevantes** para acadar as competencias básicas.

Presentar os obxectivos dende un **enfoque integrador** promovendo a globalización.

Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara a súa aplicación en contextos diferentes.

Procurar que os nenos/as **aprendan a aprender**.

Promover o **traballo cooperativo**.

Atención á diversidade do alumnado: apoio dentro da aula, apoio ocasional fóra da aula, adaptacións do currículo, inclusión e normalidade, dar resposta aos alumnos/as con diferentes capacidades.

Metodoloxía **activa** tanto mental como física que provoque **aprendizaxes significativas**.

Globalización e interacción das aprendizaxes.

4.2.2.- AVALIACIÓN

Trataremos de concibir a avaliación como un proceso regulador das aprendizaxes. Será:

Formativa: aportará información a mestres/as e alumnos/as para indicarlles en que lugar se atopan respecto á consecución das competencias básicas e aos obxectivos programados.

Continua: ten que estar presente en todos os aspectos e momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.

Integradora: de todas as áreas, debe ter en conta o progreso do alumnado en todas e cada unha das áreas que conforman o currículo.

Reguladora das ensinanzas.

Avaliadora da práctica docente: valoración da programación, coordinación entre o profesorado, o propio proceso educativo, a actitude nas aulas....

Promoción de ciclo: os alumnos/as promocionarán de ciclo de acordo co desenvolvemento correspondente das **competencias básicas e un axeitado grao de madurez**. Ademais disto os criterios propios do centro establecidos en CCP e Claustro son: **que o alumnado poderá promocionar de ciclo ou etapa educativa con tres materias pendentas, sempre e cando non teña suspensas dúas instrumentais.**

4.3.- ÁMBITO INSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO


1. Promover a coordinación docente e a participación de todos os colectivos da Comunidade Escolar, integrándoos na vida do centro e facilitándolles canles de información e participación.
2. Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión verdadeiramente participativa.
3. Elaborar un plan de actividades complementarias e extraescolares cunha oferta ampla, para favorecer a formación integral do alumnado.
4. Xestionar de forma consensuada os recursos económicos e materiais do centro.
5. Organizar adecuadamente os espazos do centro procurando mellorar as súas instalacións, as dotacións de material e de equipamentos, para aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles.
6. Abrir o centro cos seus medios e dependencias, ás demandas sociais e culturais do entorno.
7. Manter relación de colaboración con toda a Comunidade Educativa e con outras institucións, tanto educativas como sociais, culturais ou laborais.

4.4.- ÁMBITO HUMANO

1. Crear un bo clima de traballo e relacións humanas afectivas no profesorado que repercuta en toda a Comunidade Educativa.
8. Establecer un marco de convivencia baseado no R.R.I. e no Plan de Convivencia que permita a todos os membros/as da Comunidade Educativa facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
9. Velar pola seguridade do noso ALUMNADO, promovendo a súa formación no eido da autoprotección e avaliación de riscos.

5.- OBXECTIVOS PRIORITARIOS DO CENTRO

FACER DA ESCOLA UN LUGAR ONDE CADA UN DE NÓS POIDAMOS APRENDER A TRAVÉS DO DIÁLOGO COA REALIDADE, COS QUE NOS RODEAN E CON NÓS MESMOS



Facilitar situacións de diálogo como escoita activa entre os nosos alumnos/as para favorecer a construción do seu mundo máis próximo, participando nas situacións de organización da súa aula e centro, así como na construción da súa propia identidade.

PLANTEXAREMOS SITUACIÓNS PARA:

- Elaborar normas de clase/centro.
- Asumir a responsabilidade das mesmas.
- Propoñer extratexias para resolver os conflitos que xurdan.
- Potenciar assembleas de gran e pequeno grupo.
- Potenciar actividades de titoría individual (de autoestima, de responsabilidade, de autonomía, emocionais, afectivas...)

- Elaborar protocolos de acollida de alumnos/as inmigrantes tendo en conta a idade e o país de orixe, así como o nivel curricular do alumnado.
- Favorecer actitudes de cooperación no grupo-clase.
- Ter en conta a diversidade do grupo e as aportacións de todos os seus membros/as.
- Sistematizar as titorías individuais.
- Compartir experiencias e os traballos con alumnado doutros cursos e niveis.
- Fomentar actitudes de compañeirismo e respecto cara aos demais sen prexuízo de raza, sexo, relixión, cultura...
- Crear un clima afectivo e de confianza onde poder falar e ser escoitado con respecto.
- Usar o diálogo con rigor na exposición e argumentación.
- Crear situacións que contribúan ao crecemento persoal e interpersonal a través das emocións, intereses, actitudes e aspectos da personalidade, así como as relacións con outros.

Facilitar situacións de diálogo pedagóxico a través de momentos de descubrimento, investigación e intercambio que permitan a construción das súas aprendizaxes.

PLANTEXAREMOS SITUACIÓNS PARA:

- Facer reflexionar sobre situacións actuais e cotiás.
- Potenciar o uso das tecnoloxías na aula como parte do proceso de investigación, descubrimento e intercambio.
- Potenciar o uso doutros materiais e recursos ademais do libro de texto.
- Elaborar dosieres de investigación.
- Potenciar actividades entre os distintos niveis (presentación a outros cursos de experiencias e traballos elaborados na aula...)
- Favorecer a flexibilización de horarios e o uso dos distintos espazos existentes no centro (biblioteca, aula informática, aula de pizarra dixital...)
- Fomentar as situacións onde o currículo deixe de ser fixo e estable e se poida adaptar á realidade que nos atinxe.
- Convidar ás familias e/ou profesionais a colaborar en actividades que se leven a cabo no centro dentro do horario lectivo.
- Propor excursións e saídas relacionadas cos contidos que se están traballando.
- Desenvolver estratexias e competencias de indagación, interpretación e presentación dos procesos seguidos no estudo.
- Potenciar o uso de novas metodoloxías de busca e tratamento da información, os procesos de aprendizaxe individuais... que redundarán nun beneficio para o funcionamento do grupo-clase.
- Dotar aos alumnos/as de novas estratexias e posibilidades para dar resposta ás distintas necesidades que lles poidan xurdir ao longo da vida.

- Organizar o currículo de forma que nos alonxemos do concepto de currículo con contidos fixos e estables profundizando nun proceso educativo baseado nas competencias básicas para acadar alumnos competentes.

Facilitar situacións de intercambio de experiencias entre os docentes que nos axude a reflexionar sobre a nosa propia actuación.

PLANTEXAREMOS SITUACIÓNS PARA:

- Inculcar o disfrute e o pracer nas situacións de ensino-aprendizaxe.
- Reunións de coordinación dos diferentes equipos para a consecución de acordos.
- Reunións de coordinación interciclos.
- Participación do profesorado en diferentes seminarios e grupos de traballo para mellorar a súa formación.
- Participación nas sesións de avaliación e interese polos temas tratados nas mesmas.
- Usar a CCP como cauce de debate pedagóxico das súas inquietudes.
- Crear un clima afectivo e de confianza onde poder falar e ser escoitados con respecto e interese.
- Buscar momentos para compartir cos demais as experiencias e as dificultades, encontrando no grupo o apoio que precisamos.
- Utilizar o traballo en equipo como vía de formación persoal.

Facilitar o diálogo aberto coas familias intentando favorecer a participación do maior número de familias na nosa dinámica.

PLANTEXAREMOS SITUACIÓNS PARA:

- Charlas de temas de interese para as familias.
- Propoñer exposicións ao longo do curso e xornadas de portas abertas.
- Planificar actividades extraescolares onde poidan participar os pais e nais (escola de pais...).
- Propoñer ás familias momentos de debate sobre temas de interese e preocupación, a través de especialistas, foros de internet...
- Favorecer situacións de escoita activa, creando un clima afectivo e de cordialidade, onde o intercambio de información sexa a vía de colaboración.

6.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO. COMO NOS ORGANIZAMOS?

ORGANIGRAMA



6.1.- ÁMBITO DE XESTIÓN

ÓRGANOS COLEXIADOS

CLAUSTRO DE PROFESORES/AS

É o órgano propio de participación dos profesores/as no goberno do centro que ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos docentes. A súa composición e competencias veñen recollidas no **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, A frecuencia das reunións procurarase que sexa mensual, co fin de informar e acordar aqueles aspectos educativos nos que consideramos necesarios a aprobación e o consenso. Cando os aspectos a debater sexan relevantes e co fin de axilizar ao máximo as reunións facilitarase o acceso a toda a información dispoñible sobre a orde do día. Tentarase buscar o maior índice de consenso nas decisións que se tomen así como no cumprimento das mesmas.

CONSELLO ESCOLAR

É o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición e competencias veñen recollidas no **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, As competencias do Consello Escolar, deben entenderse como complementarias, nunca antagónicas, coas propias do Claustro de profesores/as e das dos órganos unipersoais de goberno. O Consello

reunirse sempre que haxa temas que tratar e polo menos unha vez ao trimestre. Todas as reunións celebraranse fóra do horario lectivo e en horas nas que todos os membros/as poidan asistir. Nas reunións ordinarias o director/a remitiralles aos membros/as do órgano colexiado, xunto coa convocatoria, e cunha antelación suficiente, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión. Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima **de corenta e oito horas e sen suxeición a prazo previo nos casos de urxencia**. As decisións do pleno e das comisións do Consello escolar adoptaranse por maioría simple dos presentes, a excepción dos casos contemplados na lexislación vixente. O presidente derimirá o empate co seu voto de calidade. Dentro do Consello Escolar funcionarán as seguintes comisións: **Comisión Económica, Comisión de Biblioteca, Comisión de Convivencia**. As normas de funcionamento destas comisións están recollidas nas NOF (Normas de organización e funcionamento).

6.2.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS:

EQUIPO DIRECTIVO

*A normativa referida ao Equipo Directivo recóllese no **capítulo IV, artigos 131, 132, 133, 134, 135, 136, 137, 138, 139 da LOMCE**. No **artigo 132** enuméranse as competencias do Director /a. No **decreto 7/1999 do 7 de xaneiro** aparecen reflectidas no capítulo II, **nos artigos 27 ao 35**, as competencias de todos os membros do E. Directivo.*

Criterios de funcionamento:

- Cumprir e facer cumprir a lexislación vixente.
- Favorecer un clima de traballo grato e respectuoso entre toda a Comunidade Escolar e coas Institucións.
- Fomentar o traballo coordinado e en equipo.
- Potenciar a implicación de toda a Comunidade Educativa no bo funcionamento do centro.
- Coordinar as tarefas dos diferentes equipos.
- As decisións do E. Directivo asumiranse conxunta e colexiadamente, aínda que cada membro/a do equipo se responsabilice por cuestións de operatividade de tarefas e campos diversos.
- Gardando a legalidade vixente estamos na procura de que a toma de decisións sexa compartida cos diferentes órganos do centro (Consello Escolar, Claustro, Comisión Pedagóxica e Ciclos) co fin de chegar na medida do posible a acordos e consensos.
- Procuramos a transparencia informativa de todas aquelas cuestións que afectan a toda a Comunidade Escolar.
- Dar pulo a proxectos e traballos creativos en calquera ámbito da vida do centro tanto a nivel colectivo como individual.
- Potenciar as actividades encamiñadas ao perfeccionamento profesional.
- Comunicación directa con todos os membros/as da Comunidade Educativa.

6.3.- ÁMBITO ACADÉMICO:

Equipos de Ciclo

É un órgano de coordinación docente e a súas funcións así como as competencias do coordinador/a, veñen recollidas no **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e modificado polo **decreto 7/1999, no capítulo I, no título III**.

O ciclo está composto por todo o profesorado que ten titoría neses niveis e por profesorado especialista, que se adscribe voluntariamente segundo nº de horas de docencia que teñan nel, a súa preferencia, e procurando que todos (Ed. Infantil, 1º, 2º e 3º ciclo) teñan un número similar de membros/as. Cada ciclo ten un coordinador/a proposto/a entre os seus membros/as e designados polo director/a do centro. Deberán ser mestres/as que impartan docencia no ciclo, preferentemente con destino definitivo e horario completo no centro. Normalmente reunirase cunha periodicidade mensual, podendo ter variacións debido a necesidades educativas puntuais. No ciclo analízanse e débátese todas as propostas referidas a programación, actividades complementarias ou extraescolares, no seu caso, conmemoracións, avaliacións, criterios de avaliación, adecuación de libros de texto, atención á diversidade, co fin de tomar as decisións educativas oportunas e levar as propostas dos seus membros/as á comisión de Coordinación Pedagóxica, ao Departamento de Orientación, aos diferentes Equipos de Dinamización e ao Claustro.

Tamén fomentaremos as reunións interciclos (**5 anos con 1º EP, 2º EP con 3º EP e 4º EP con 5º EP**) para coordinar o traballo entre os diferentes ciclos, e tentar chegar a un consenso sobre a metodoloxía a empregar, así como os materiais a utilizar e incluso os contidos e competencias a traballar. Para preservar a unidade do ciclo todas as decisións deberán ser acadadas con consenso e asumidas por todo o profesorado que imparte docencia nalgún dos seus niveis.

Equipos

Funcionan os seguintes equipos:

- **Equipo de actividades complementarias e extraescolares.**
- **Equipo de normalización lingüística.**
- **Equipo de dinamización da biblioteca.**
- **Equipo de dinamización T.I.C.**
- **Equipo de dinamización da convivencia escolar.**

Todo o profesorado debe estar adscrito a algún equipo ou comisión. Procurarase que en todos os equipos exista profesorado representante dos distintos ciclos. Dito profesorado informará aos demais membros/as do ciclo dos acordos tomados nos diferentes equipos e a previsión de tarefas e actividades previstas. Os equipos reuniranse normalmente unha vez ao mes se é o caso, ou ben, unha vez cada catro semanas. Este calendario poderá ser modificado en función das necesidades do centro. As decisións tomadas polos diferentes equipos deberán ser informadas ao Claustro co fin de ser debatidas e aprobadas. Haberá relación fluída entre os equipos co fin de interactuar, colaborar e participar

conxuntamente nas ocasións que así o requiran, en proxectos, actividades ou conmemoracións comúns. As competencias dos Equipos de Normalización Lingüística e de Actividades Complementarias e Extraescolares e as dos seus coordinadores/as veñen reguladas no Regulamento Orgánico das escolas de Ed. Infantil e dos colexios de Ed. Primaria (**Decreto 374/1996 do 17 de outubro.D.O.G 21/10/1996**) e na **Orde do 22 de xullo de 1997(D.O.G. 2 de setembro de 1997)**. As funcións dos equipos de dinamización veñen reguladas no **Decreto 79/2010 do 20 de Maio para o plurilingüismo, artigo 15 (DOG 25/05/2010)**.

Departamento de orientación

O departamento de Orientación colabora co Equipo Directivo no deseño de accións educativas e toma de decisións así como na relación cos pais/nais. Reúnese o 1º luns de cada mes de 16:00 a 17:00h todo o Departamento de Orientación xunto cos coordinadores/as de ciclo e a xefatura de estudos, asimismo unha vez á semana (os luns de 16:00h a 17:00) adícarase ao estudo, análise e avaliación de todo o alumnado de N.E.A.E. onde se reunirán o Xefe do Departamento de Orientación o profesorado de P.T. e A.L.

Comisión de Coordinación Pedagóxica.

*A composición, a organización e as competencias da comisión de coordinación pedagóxica son as que establecen nos **artigos 61 e 62, capítulo II, título III, do Regulamento orgánico das escolas de E. Infantil e dos colexios de Ed. Primaria e a orde do 22 de xullo de 1997** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Ed. Primaria.*

6.4.- AMBITO ADMINISTRATIVO E DE SERVIZOS

Comedor

A organización e a xestión do comedor escolar é competencia da Anpa "Avilés de Taramancos". Ademais de ofrecer un servizo público básico, o comedor escolar debe ser entendido como un proxecto educativo no que o alumnado aprenda hábitos alimenticios sáns, un correcto comportamento na mesa, así como as normas básicas de hixiene, respecto, tolerancia, convivencia e educación en igualdade. O Ceip Felipe Castro cede as instalacións para que se poida levar a cabo este servizo básico. O responsable do coidado e vixilancia dos alumnos/as do servizo de comedor, así como da súa xestión e organización é a Anpa "Avilés de Taramancos".

Transporte

A empresa responsable do transporte no centro é **AUTOS DOSIL**. Existen en funcionamento 8 rutas de transporte cubertas pola mesma cantidade de autocares.

O servizo de regreso ou saída funciona a mediodía, despois da xornada lectiva.

As rutas están sinaladas con cores para facilitar a súa identificación por parte do alumnado (Ver P.X.A).

Cada alumno/a usuario/a de transporte dispón dunha tarxeta, seguindo as cores das correspondentes rutas, na que figuran os seus datos, a ruta e a parada que lle corresponde, tanto para a entrada ou ida, como para a saída ou volta.

O Equipo Directivo, xunto co profesorado de garda correspondente, coordinará e organizará a recepción do alumnado usuario de transporte escolar (desde a chegada dos autocares ata a hora de entrada nas aulas) e a saída (desde o remate da xornada escolar ata que son atendidos polas acompañantes do transporte).

7.- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E CO ENTORNO

Este centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e as institucións coas que se relaciona, buscando a fluidez, o trato respectuoso, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas.

Poñeremos especial atención na relación con: familias, centros aos que estamos adscritos (IES Virxe do Mar), outros centros do Concello de Noia, Anpa, Cruz Vermella, Concello de Noia, STAND, Logopedas Privados, Aspanaes...

8.- ANEXOS:

Este Proxecto Educativo de Centro fará referencia aos seguintes Proxectos de Xestión:

- **REGULAMENTO DE REXIME INTERIOR.**
- **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**
- **PROXECTO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- **PLAN LECTOR**
- **PLAN DE CONVIVENCIA**
- **PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**
- **PROXECTO LINGÜÍSTICO**

INFORME DO CLAUSTRO

En cumprimento do artigo 120 da Lei Orgánica 2/2006 do 03 de maio, polo que se dota de autonomía para elaborar, aprobar e executar o P.E.C. nos centros docentes, o Proxecto Educativo do Ceip Felipe de Castro de Noia foi informado polo Claustro de Profesores en Sesión Ordinaria celebrada o día 27 de Maio de 2013.

CERTIFICACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

En reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 27 de Maio de 2013, quedou aprobado o Proxecto Educativo de Centro que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

Noia, a 27 de Maio, de 2013

O Equipo Directivo.

O Xefe de Estudos



Asdo: Jorge Fernández Álvarez

A Secretaria



Asdo: Ángela Lago Fabeiro

O Director



Asdo: Francisco José Lires Fernández